

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚE A PRESIDENCIA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/1059

Feitos

Primeiro. Con data do 08.09.2025, o servizo de persoal docente e investigador (PDI) recibe comunicación do presidente da comisión de selección da praza 25/1059, de profesor/a substituto/a da área de coñecemento de Enxeñaría Eléctrica do Departamento de Enxeñaría Industrial (convocada por Resolución reitoral do 13.08.2025), de que incorre en conflitos de interese, dos establecidos no Real decreto 678/2023, do 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas deses corpos, con algunha das persoas candidatas.

Segundo. Por Resolución Reitoral do 09/09/2025 substitúese a persoa que ocupa a presidencia polo membro do departamento de maior categoría, de conformidade co establecido no artigo 6.6 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada polo Consello de Goberno da UDC do 07/11/2024.

Terceiro. O 10/09/2025, o novo presidente comunica ao Servizo de PDI que incorre tamén en conflito de intereses, dos recollidos no Real decreto 678/2023.

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que os membros das comisións deberán renunciar a formar parte da comisión cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nese apartado, con algunha das persoas candidatas. No presente caso, a causa alegada xustifica a substitución da presidencia.

Doutra banda, o artigo 6.6 da citada normativa establece que, de non poder actuar a persoa proposta para a presidencia, será substituída polo membro do departamento de maior categoría e antigüidade.

Este reitorado é competente para resolver, segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo co indicado, dispón a seguinte substitución, para a comisión da praza indicada:

Presidencia: substitúese a José Luís Calvo Rolle por María Isabel Fernández Ibáñez.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)

A vicerreitora de Profesorado

María Teresa López Fernández